A1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.			
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos			
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario			
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.			
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.			
A10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.			
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.			
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación			
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.			
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado			

Competencias de materia

Competencias de materia	tipoloxía	Competencias
-------------------------	-----------	--------------

- Identificar, comprender e apreciar as principais achegas da literatura do español, en España e en América.	saber	A10 A11 B2 B3
- Sintetizar, relacionar e describir a literatura en lingua española nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.	saber	A3 A4
- Sintetizar, relacionar e describir a literatura en lingua española nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.	saber facer	A4 B3
- Identificar, comprender e apreciar as principais achegas da literatura do español, en España e en América.	saber saber facer	A4 A8 B2 B3
- Posuír as ferramentas e as técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise literario.	saber facer	A4 A8 B1 B2
- Posuír os coñecementos necesarios para comprender, desenvolver, analizar, avaliar e aproveitar, para o futuro profesional, os recursos literarios.	saber saber facer	A1 A8 A13 B2 B4
- Argumentar con solidez sobre temas e textos que hai que estudar, cos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente cos orientados á investigación literaria.	saber saber facer	A1 A4 A6 B2

Contidos

Tema	
1. Introducción á literatura en lingua española.	1.1. Caracterización e límites. 1.2. Fontes para o seu estudo e investigación.
2. Panorama da literatura en lingua española da Idade Media.	2.1. Poesía. 2.2. Prosa. 2.3. Orixes do teatro.
3. Panorama da literatura en lingua española dos séculos XVI e XVII.	3.1. Poesía. 3.2. Prosa. 3.3. Teatro.
(*)4. Métodos y paradigmas de estudio de la obra literaria	(*)4.1. Poéticas autoriales y de la recepción. Teoría psicoanalítica. 4.2. Poéticas textuales: formalismos. 4.3. Poéticas sociológicas. 4.4. Poéticas postestructuralistas y postmodernas

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	3	6
Sesión maxistral	28	56	84
Titoría en grupo	4	0	4
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	3	6
Presentacións/exposicións	2	4	6
Traballos tutelados	4	8	12
Traballos e proxectos	4	8	12
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	8	10
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Actividades introductorias	Nas primeiras horas de docencia presencial, prevexo organizar a marcha da materia. Posto que se trata de estudantes de primeiro curso, exporei a metodoloxía, procurando anticipar e aclarar aquelas cuestións que afecten ao desenvolvemento do curso. Así mesmo, nestas sesións introductorias adxudicaráselle os traballos a cada alumno/a matriculado/a.
Sesión maxistral	Nas clases teóricas preséntolle ao alumnado cada un dos temas de maneira organizada, proporcionándolle unha selección bibliográfica, que comento ao inicio de cada un deles, e un guión cos principais aspectos, todo isto sen descoidar a importancia dos textos literarios. Aínda que se trata dun método de ensinanza fundamentalmente temático e que pretende transmitir o maior número de contidos ao maior número de estudantes no menor tempo posible, procuro, con todo, suscitar a participación do alumnado, de modo que poida intervir, preguntar ou participar na exposición.
Titoría en grupo	Horas distribuídas ao longo do curso, de carácter obrigatorio, fixadas no horario oficial e correspondentes á docencia presencial. Nelas aclárolle ao alumnado, entre outros aspectos, nocións acerca do manexo de fontes instrumentais (catálogos, bases de datos etc.), explicacións de cuestións de carácter metodolóxico, resolución de dúbidas suscitadas na elaboración dos diferentes traballos do/a estudante así como nas lecturas, ou ben atendo á revisión de conceptos.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Teño prevista a asistencia dun/unha especialista na materia para que pronuncie unha conferencia, cuxa data lla anticipo ao alumnado. Será no espazo reservado ás horas presenciais e sobre un dos contidos do programa.
Presentacións/exposicións	(*)Presentaciones, orientadas por el profesor, de las conclusiones alcanzadas en algunos de los trabajos
Traballos tutelados	Considero, dentro deste apartado, diferentes actividades que ha de realizar o estudantado. Antes de todo, e tratándose dunha materia de literatura, ten que realizar a lectura dunha serie de obras, tanto fontes primarias como secundarias, obrigatorias e optativas (das que informo no apartado correspondente). A este apartado de traballos (punto 4: metodoloxías), asígnolle 34 horas de traballo persoal do alumnado; da correcta asimilación destas lecturas dará conta a elaboración das probas (traballos e proxectos, probas escritas). Así mesmo, e dentro do apartado de probas, o/a estudante ha de entregar, en correspondencia cos diferentes bloques temáticos do programa, os seguintes traballos obrigatorios: 1. Busca bibliográfica, no catálogo da biblioteca do centro, de todas as edicións correspondentes a un título determinado, dentro do corpus de lecturas obrigatorias do apartado de literatura española medieval e dos Séculos de Ouro desta materia, e posterior clasificación xustificada do tipo de edición, de acordo co listado que organizará o profesor nas horas dedicadas ás actividades introductorias. A data de entrega será a segunda semana lectiva de abril de 2010. 2. Unha ficha de lectura dalgunha das obras incluídas entre as lecturas obrigatorias. Nelas, informarse dos principais aspectos que afectan tanto ao contido (temas e subtemas, análise dos personaxes, estrutura etc.) como á forma (métrica, lingua, recursos estilísticos, técnicas narrativas etc.). A asignación realizarase nas primeiras sesións das actividades introductorias, e a data de entrega non será posterior á última semana de maio de 2010. 3. Un comentario literario de texto, de acordo coas directrices que se proporcionarán nas sesións introductorias, pero tamén nas clases prácticas e nas titorías colectivas. Os textos, que se adxudicarán a cada un/unha dos/as estudantes, extraeranse de entre as lecturas obrigatorias. A data de entrega non será posterior á última semana lectiva de maio.

Atención personalizada	
	Descrición
Actividades introductorias	Tanto nas horas dedicadas ás actividades introductorias como nas que, ao longo do curso, lles asigno ás titorías en grupo, ambas en horario presencial, exporeille ao alumnado aspectos relativos á metodoloxía da materia e ao seu seguimento . Así mesmo, atenderei á marcha dos traballos asignados, organizando un control individualizado de cada estudante, expoñendo os principios metodolóxicos que ha de rexer a súa elaboración, así como os fundamentos para a súa avaliación. Para realizar esta supervisión personalizada, o alumnado terá asignadas as horas de contacto co profesor, de carácter obrigatorio, ademais de aquelas optativas que poida precisar.
Titoría en grupo	Tanto nas horas dedicadas ás actividades introductorias como nas que, ao longo do curso, lles asigno ás titorías en grupo, ambas en horario presencial, exporeille ao alumnado aspectos relativos á metodoloxía da materia e ao seu seguimento . Así mesmo, atenderei á marcha dos traballos asignados, organizando un control individualizado de cada estudante, expoñendo os principios metodolóxicos que ha de rexer a súa elaboración, así como os fundamentos para a súa avaliación. Para realizar esta supervisión personalizada, o alumnado terá asignadas as horas de contacto co profesor, de carácter obrigatorio, ademais de aquelas optativas que poida precisar.

Traballos tutelados	Tanto nas horas dedicadas ás actividades introdutorias como nas que, ao longo do curso, lles asigno ás titorías en grupo, ambas en horario presencial, exporeille ao alumnado aspectos relativos á metodoloxía da materia e ao seu seguimento . Así mesmo, atenderei á marcha dos traballos asignados, organizando un control individualizado de cada estudante, expoñendo os principios metodolóxicos que ha de rexer a súa elaboración, así como os fundamentos para a súa avaliación. Para realizar esta supervisión personalizada, o alumnado terá asignadas as horas de contacto co profesor, de carácter obrigatorio, ademais de aquelas optativas que poida precisar.
Presentacións/exposicións	Tanto nas horas dedicadas ás actividades introdutorias como nas que, ao longo do curso, lles asigno ás titorías en grupo, ambas en horario presencial, exporeille ao alumnado aspectos relativos á metodoloxía da materia e ao seu seguimento . Así mesmo, atenderei á marcha dos traballos asignados, organizando un control individualizado de cada estudante, expoñendo os principios metodolóxicos que ha de rexer a súa elaboración, así como os fundamentos para a súa avaliación. Para realizar esta supervisión personalizada, o alumnado terá asignadas as horas de contacto co profesor, de carácter obrigatorio, ademais de aquelas optativas que poida precisar.
Traballos e proxectos	Tanto nas horas dedicadas ás actividades introdutorias como nas que, ao longo do curso, lles asigno ás titorías en grupo, ambas en horario presencial, exporeille ao alumnado aspectos relativos á metodoloxía da materia e ao seu seguimento . Así mesmo, atenderei á marcha dos traballos asignados, organizando un control individualizado de cada estudante, expoñendo os principios metodolóxicos que ha de rexer a súa elaboración, así como os fundamentos para a súa avaliación. Para realizar esta supervisión personalizada, o alumnado terá asignadas as horas de contacto co profesor, de carácter obrigatorio, ademais de aquelas optativas que poida precisar.
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Tanto nas horas dedicadas ás actividades introdutorias como nas que, ao longo do curso, lles asigno ás titorías en grupo, ambas en horario presencial, exporeille ao alumnado aspectos relativos á metodoloxía da materia e ao seu seguimento . Así mesmo, atenderei á marcha dos traballos asignados, organizando un control individualizado de cada estudante, expoñendo os principios metodolóxicos que ha de rexer a súa elaboración, así como os fundamentos para a súa avaliación. Para realizar esta supervisión personalizada, o alumnado terá asignadas as horas de contacto co profesor, de carácter obrigatorio, ademais de aquelas optativas que poida precisar.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	(*)Se valorará el resultado final del trabajo tutelado: su profundidad en el tratamiento de la temática y la capacidad para hacer una lectura crítica de los materiales de trabajo.	20
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	b) Proba práctica, que consiste na elaboración dun comentario literario dalgunha das obras analizadas nas sesións presenciais. Ambas as probas, de resposta longa e a práctica de comentario de textos, suporán, como máximo, un 30 % do peso total da cualificación.	20%
Traballos e proxectos	A realización dos traballos, a súa entrega na data e a avaliación positiva destes será condición indispensable para superar a materia. Terase en conta a correcta asimilación dos contidos, pero tamén a utilización adecuada dos instrumentos metodolóxicos, que serán expostos nas titorías colectivas, a presentación formal, así como a redacción. Os traballos terán un peso dun 70 % da cualificación final da materia.	50
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	A data do exame será fixada pola Xunta de Facultade, nel o alumnado ha de contestar a dous tipos de preguntas: a) Desenvolvemento dun tema, de acordo cos contidos da guía docente expostos e elaborados nas sesións presenciais.	10
Outros	Para obter unha cualificación positiva, o alumno debe superar TODAS as actividades propostas para avaliación. Na segunda e posteriores convocatorias é preceptivo que, previamente, entregaran os traballos obrigatorios.	(*)

Outros comentarios e segunda convocatoria

Na segunda convocatoria a porcentaxe invértese: as probas escritas (na data oficial marcada pola Xunta de Facultade) equivalerán a un 70 % da cualificación final (en que o 50 % será unha proba práctica consistente nun comentario literario de textos e o 20 %, o desenvolvemento dun tema). O alumnado terá que entregar obrigatoriamente, como data tope o día do exame desta segunda convocatoria, os mesmos traballos que para a primeira (tanto se non os entregou previamente ou se a cualificación destes non foi positiva), que suporán un 30 % da cualificación.

Bibliografía. Fontes de información

AGUIAR E SILVA, Vítor Manuel de, Teoría da literatura, vol. I., Almedina, Coímbra, 1984

CULLER, Jonathan, Breve introducción a la teoría literaria, Crítica, Barcelona, 2000

EAGLETON, Terry, Una introducción a la teoría literaria, FCE, México, 1993

ESTÉBANEZ CALDERÓN, Demetrio, Diccionario de Literatura, Alianza, Madrid, 1996

GARRIDO GALLARDO, Miguel Ángel, Introducción a la Teoría de la Literatura, Síntesis, Madrid, 2004

REIS, Carlos, O coñecemento da literatura. Introducao aos estudos literarios, Almedina, Coímbra, 1995

VILLANUEVA, Darío (coord.), Curso de Teoría de la Literatura, Taurus, Madrid, 1994

WELLEK, René, WARREN, Austin, Teoría literaria, Gredos, Madrid, 1974

Ademais das lecturas obrigatorias, para cada un dos temas, entregaráselle ao alumnado a bibliografía específica.

Recomendacións

Outros comentarios

(*)Es imprescindible un coñecemento mínimo de las principales ferramentas informáticas y los entornos virtuales.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Estrutura e Análise das Linguas Galega e Española: Introducción á Sintaxe**

Materia	Estrutura e Análise das Linguas Galega e Española: Introducción á Sintaxe			
Código	V01G160V01301			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2º	1C
Idioma	Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Soto Andion, Xose			
Profesorado	Soto Andion, Xose			
Correo-e	xsoutoandion@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia presenta os conceptos, métodos e principais complexidades da sintaxe do galego e do español, exercitando a práctica da análise sintáctica e estudando os diferentes tipos de relacións e unidades sintácticas.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

B5 Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia		
Competencias de materia	tipoloxía	Competencias
(*)(*)	saber	A3 A4 A5 B1
(*)(*)	saber facer	A1 A4 A5 A6 A8 A9 B2 B4
(*)(*)	Saber estar / ser	A5 A7 B3 B5

Contidos	
Tema	
Tema 1. A sintaxe: delimitación do seu ámbito de estudo.	- A sintaxe e a súa relación cos demais compoñentes da gramática: morfoloxía, semántica, léxico... Cómpre falar de morfosintaxe?
Tema 2. As relacións sintácticas	- Relacións paradigmáticas e sintagmáticas. i) Relacións secuenciais. ii) Relacións constitutivas. iii) Relacións conectivas ou conexións - Coordinación ou constelación - Subordinación ou determinación - Interordinación ou interdependencia iv) Relacións funcionais ou funcións - Funcións sintácticas e funcións semánticas.

3.2. Frase e tipos de frase

- Delimitación e caracterización
- Construcións endocéntricas e exocéntricas.
- Frases simples e frases complexas
- i) A frase nominal
 - A determinación, os determinantes e os modificadores
 - Frase nominal e frase substantiva: dous tipos frásticos distintos?
- ii) A frase preposicional (FP):
 - Estrutura da FP
- i) O Director
- ii) O Termo
- iii) Outros tipos de frase
 - A frase adxectiva: estrutura
 - A frase adverbial: estrutura

3.3.. Cláusula e oración

- A cláusula como unidade sintáctica: trazos estruturais definitorios
- Argumentos obrigatorios e non obrigatorios
- Os eventos
- i) Definición e tipos
- ii) Animación, axentividade e noción de "control"
 - Predicados verbais e predicados non verbais
- i) A predicación non verbal
 - A cópula.
 - Esquemas locativos, existenciais, de estado e de caracterización.
 - Predicados básicos e predicados derivados
 - Incremento de funcións: a construción causativa
 - Construcións transitivas, intransitivas e semiintransitivas: medias, impersonais, reflexivas, pronominais e pasivas.
 - As funcións sintácticas na cláusula
- ii) Funcións sintácticas. Delimitación e caracterización
 - Funcións obrigatorias e non obrigatorias
 - O Suxeito
 - A complementación: complemento directo, complemento indirecto, complementos circunstanciais, complemento prepositivo, complementos predicativos (de suxeito e de complemento directo), atributo, complemento axente.
 - Funcións semánticas. Delimitación e caracterización: axente, forza, afectado, experimentante, beneficiado/prexudicado, situado, portador de estado...

3. 4. Cláusulas complexas e oracións bipolares.

3.4.1. Correspondencias coa gramática tradicional.

3.4.2. Cláusulas complexas.

- i) Cláusulas de relativo
 - Pronomes relativos
 - Tipos de cláusulas de relativo
 - ii) Cláusulas completivas
 - Nexos
 - Tipos de cláusulas completivas
 - iii) Cláusulas adverbiais
 - Nexos
 - Tipos de cláusulas adverbiais
 - iv) Cláusulas de infinitivo
 - v) Cláusulas de xerundio
 - vi) Cláusulas de participio
 - Funcións das cláusulas integradas
 - i) Cláusulas integradas con función clausal
 - ii) Cláusulas integradas con función frástica
- 3.4.3. Oracións bipolares.
- Condicionais: nexos e tipos de condicionais
 - Adversativas: nexos e tipos de adversativas.
 - Concesivas: nexos e tipos de concesivas.
 - Consecutivas: nexos e tipos de consecutivas
 - Comparativas: nexos e tipos de comparativas.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	39	65
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	20	30
Traballos tutelados	8	20	28
Prácticas autónomas a través de TIC	0	9	9
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	2	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Traballos e proxectos	2	4	6
Probas de resposta curta	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	O docente explicará na clase os contidos do programa mediante textos de apoio, apuntamentos ou diapositivas de powerpoint, facilitando a recollida de material por parte do alumno, a resolución de dúbidas así como a participación e debate dos discentes en relación cos diferentes problemas que afectan á sintaxe do galego e do español.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente comentará na clase ou entregaralles por escrito aos discentes diferentes casos e problemas relacionados cos contidos da materia de sintaxe en xeral e coa análise sintáctica en particular.
Traballos tutelados	
Prácticas autónomas a través de TIC	O docente servirse da plataforma TEMA para facilitarles aos alumnos a realización de prácticas de análise sintáctica, lecturas e resumos, foros e comentarios e entrega de exercicios.

Atención personalizada	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente comentará cos alumnos individualmente ou en pequenos grupos diferentes cuestións relacionadas coa resolución de problemas e exercicios así coma cos traballos a realizar.
Traballos e proxectos	O docente comentará cos alumnos individualmente ou en pequenos grupos diferentes cuestións relacionadas coa resolución de problemas e exercicios así coma cos traballos a realizar.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia mediante textos de lectura obrigatoria e complementaria, apuntamentos, diapositivas powerpoint, contando coa participación activa dos discentes. Avaliación continua.	40
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente comentará cos discentes na clase ou nas titorías, e entregaralles por escrito a resolución de problemas puntuais sobre cuestións de sintaxe do galego e do español. Avaliación continua.	10
Prácticas autónomas a través de TIC	O docente propoñeralles aos discentes a participación en foros, wikis e prácticas sobre sintaxe a través da plataforma TEMA. Estas prácticas poden consistir na produción de textos sintacticamente ben elaborados, corrección de erros de sintaxe nos textos, cuestións puntuais de análise sintáctica, resumo e crítica de lecturas etc. Avaliación continua.	10
Traballos tutelados	O docente proporá aos discentes traballos dirixidos que han ser entregados antes de rematar o cuadrimestre.	10
Traballos e proxectos	O docente propoñerá, escoitando a opinión dos discentes, traballar sobre temas concretos de sintaxe. Deberán ser entregados para ou expostos na clase. O discente poderá na clase ou nas titorías comentar as dúbidas e problemas que lle vaian xurdindo. Avaliación continua.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente entregaralles aos discentes na clase exercicios de análise sintáctica que máis tarde recollerá, corruxirá e comentará. Avaliación continua.	10

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O docente entregaralles aos discentes na clase ou a través da plataforma TEMA probas 8 prácticas como corrección sintáctica de textos, elaboración de resumos sobre determinadas lecturas e outras tarefas relacionadas coa sintaxe do galego e do español. Avaliación continua.
Probas de resposta curta	cuestións breves sobre diferentes aspectos do programa que o alumno contestará na 2 clase ou a través de faitic. Avaliación continua.
Outros	(*)

Outros comentarios e segunda convocatoria

Haberá unha avaliación final en xullo para os que suspendan todo ou parte da materia polo método de avaliación continua, para os que se presenten só á proba final e para aqueles que non sigan o sistema de avaliación continua. A avaliación final consistirá nun exame que incluírá contidos das distintas partes indicadas e nun traballo, que determinará o profesor, sobre algún aspecto ou aspectos da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

Álvarez, R.&X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Freixeiro, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

Gutiérrez Ordóñez, S. (1997): *La oración y sus funciones*. Madrid: Arco/Libros.

_____ (2000): *Forma y sentido en sintaxis*. Madrid: Arco/Libros.

Porto Dapena, J. A. (1994): *Complementos argumentales del verbo: directo, indirecto, suplemento y agente*. Madrid: Arco/Libros.

_____ (1995): *El complemento circunstancial*. Madrid: Arco/libros.

Rojo, G.&T. Jiménez (1989): *Fundamentos del análisis sintáctico funcional, Lalia, 2*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

RAE (2009): *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe

Bibliografía complementaria

Alcaraz Varó, E. & M.A. Martínez Linares (2004): *Diccionario de Lingüística Moderna*. Barcelona: Ariel.

Bosque, I.&V. Demonte (eds.) (1999): *Gramática descriptiva de la lengua española*, tomos I e II. Madrid: Espasa-Calpe.

Duarte, I. / A. M^a. Brito (1996): "Sintaxe", en I. Hub Faria et alii (coord.): *Introdução à linguística geral e portuguesa*. Lisboa: Caminho, 247-302.

Busse, W. (coord.) (1994): *Dicionário sintáctico de verbos portugueses*. Coimbra: livraria Almedina.

Butler, C. S. (2003): *Structure and Function. A Guide to Three Major Structural-Functional Theories*. 2 vols. Amsterdam/Philadelphia. John Benjamins.

Cidrás, Francisco A. (1991): "As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización", in Brea, M.&F. Fernández Rei (coord.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Universidade de Santiago, 101-125.

Dik, Simon C. (1997²): *The theory of functional grammar*. Berlín: Mouton de Gruyter.

Dimitrova-Vulchanova, M. (1999): *Verbs semantics, diathesis and aspect*. München: Lincom.

Estrada Fernández, Zarina et al. (2008): *Studies in voice and transitivity*. München: Lincom.

Feuillet, J. (ed.) (1998): *Actance et valence dans les langues de l'Europe*. Berlin/New York: Mouton de Gruyter.

Florentino, G. (2003): *Transitivity in Romance languages*. Berlín: Mouton de Gruyter.

García Miguel, J. M. (1995): *Las relaciones gramaticales entre predicado y participantes, Lalia, 2*. Santiago de Compostela:

Universidade de Santiago.

_____ (1995): *Transitividad y complementación preposicional en español*. Verba, anexo 40. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

Godard, D. (2004) (ed.): *Les langues romanes: problèmes de la phrase simple*. Paris: CNRS éditions.

Goldberg, A. E. (1995): *Constructions. A construction grammar approach to argument structure*. Chicago: Chicago University Press.

Halliday, M.A.K (2004³): *An introduction to Functional Grammar*. London: Arnold.

Mindivil, J. L. (2004): "Estructura argumental, eventos y ergatividad", in Cano, P. et al. (ed.), tomo II. A. Madrid: Arco Libros, 1357-1368.

Moreno Cabrera, J. C. (2003): *Semántica y gramática. Sucesos, papeles semánticos y relaciones sintácticas*. Madrid: Machado Libros.

Sánchez López, C. (ed.) (2002): *Las construcciones con se*. Madrid: Visor.

Soto Andión, X. (2000): "Algunhas estruturas de verbo causativo en galego moderno", in Englebert, A. et al. (eds.), *Actes du XXII Congrès international de linguistique et philologie romanes*, vol. VI, Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 467-480.

Treviño, E. & J. Lema (eds.) (1999): *Semantic issues in romance syntax*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.

Van Valin, J. R. & R. J. Lapolla (1997): *Syntax. Structure, Meaning and Function*. Cambridge: Cambridge University Press.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingüística: Introducción ao Estudo da Linguaxe e a Comunicación/V01G160V01105

Informática para a Lingüística e a Literatura/V01G160V01302

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Comunicación Oral e Escrita: Español I/V01G160V01101

Lingua: Comunicación Oral e Escrita: Galego I/V01G160V01201

DATOS IDENTIFICATIVOS**Informática para a Lingüística e a Literatura**

Materia	Informática para a Lingüística e a Literatura			
Código	V01G160V01302			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2º	1C
Idioma	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Gomez Guinovart, Francisco Xavier			
Profesorado	Gomez Guinovart, Francisco Xavier			
Correo-e	xgg@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia prepara ao alumnado na comprensión das técnicas utilizadas no procesamento informático da linguaxe, e no uso das ferramentas que as tecnoloxías lingüísticas fornecen para a investigación e a docencia da lingua e a literatura, con especial atención aos recursos dispoñíbeis para as linguas e textos que son obxecto do Grao.			

Competencias de titulación

Código				
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñíbeis, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.			
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación			
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.			
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado			
B5	Que o alumnado desenvólvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			

Competencias de materia

Competencias de materia	tipoloxía	Competencias
Coñecer os recursos, ferramentas e aplicacións informáticas que ofrecen as tecnoloxías da linguaxe para os estudos lingüísticos e literarios	saber saber facer	A13 B1
Adquirir os coñecementos e as técnicas metodolóxicas básicas para a análise lingüística e textual mediante ferramentas informáticas	saber saber facer	A6 A13 B1 B5
Utilizar de modo axeitado os recursos e aplicacións informáticas dispoñíbeis no ámbito das humanidades, especialmente as orientadas á investigación lingüística, filolóxica e literaria, e á docencia das linguas e textos que son obxecto do grao	saber facer	A6 B3 B5
Resolver problemas relacionados coa análise informatizada de textos literarios e non literarios, e elaborar traballos académicos de calidade	saber facer	A13 B2 B4

Contidos	
Tema	
1. Introducción	1.1. As linguas na sociedade da información
(*)(*)	1.2. As tecnoloxías da linguaxe
2. Córpora textuais	2.1. Fundamentos teóricos
(*)(*)	2.2. Panorama e aplicacións dos corpóra textuais
3. Procesamento textual	3.1. Análise cuantitativa de textos
(*)(*)	3.2. Análise de contextos

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	22	34	56
Estudo de casos/análises de situacións	17	34	51
Resolución de problemas e/ou exercicios	11	30	41

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición, por parte do profesorado da materia, dos contidos obxecto de estudo ou das actividades que ten que desenvolver o alumnado.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise e estudo de problemas concretos, tanto teóricos como prácticos, no ámbito dos contidos do programa da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formúlanse exercicios relacionados coa materia, e o estudantado debe resolvelos aplicando os coñecementos asimilados nas clases de exposición da materia.

Atención personalizada	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesorado supervisará o traballo realizado polo alumnado durante a realización de exercicios e de estudos de caso sobre os contidos da materia.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación dos exercicios e problemas realizados en clase sobre os contidos da materia.	100
Outros		(*)

Outros comentarios e segunda convocatoria

A avaliación será continua. A condición para ser avaliada/o será a asistencia a un mínimo do 80% das aulas. Se algún/algúnha alumno/a non pode cumprir esta condición, deberá comunicarllo ao profesor argumentadamente ao comezo do cuadrimestre. As faltas de asistencia deberán ser xustificadas de modo razoado.

O alumnado que non supere a avaliación continua deberá realizar na segunda convocatoria (xullo), na data oficial de xullo fixada pola Facultade, un exame sobre os contidos da materia polo 100% da cualificación.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Barnbrook, Geoff (1996), *Language and Computers: A Practical Introduction to the Computer Analysis of Language*, Edinburgh University Press, Edimburgo

Blecua, José Manuel (1999), *Filología e informática: Nuevas tecnologías en los estudios filológicos*, Editorial Milenio, Barcelona

Lawler, John (1998), *Using Computers in Linguistics: A Practical Guide*, Routledge, Cambridge

Martí, Maria Antònia (2003), *Tecnologías del lenguaje*, Editorial UOC, Barcelona

McEnery, Tony (2006), *Corpus-Based Language Studies*, Routledge, Cambridge

Recomendacions

DATOS IDENTIFICATIVOS**Literatura: Panorama da Literatura Galega II**

Materia	Literatura: Panorama da Literatura Galega II			
Código	V01G160V01303			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2º	1C
Idioma	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Fernandez Alvarez, Manuel Santiago			
Profesorado	Fernandez Alvarez, Manuel Santiago			
Correo-e	mffft@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
A2	Identificar, comprender e apreciar as principais contribucións das literaturas do español (en España e en América) e do galego, con especial sensibilidade para as literaturas emparentadas, como son as que corresponden ás linguas neolatinas e en particular a portuguesa
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe

Competencias de materia

Competencias de materia	tipoloxía	Competencias
Coñecer en profundidade a tradición literaria galega do séc. XX	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A2 A4 A8 A12
Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas da teoría literaria, así como sintetizar, relacionar e describir tradición literaria galega nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.	saber saber facer	A2 A3 A5
Comprender a historia das ideas estéticas que subxace á evolución das tradicións literarias.	saber saber facer	A3 A5
Valorar a construción do Sistema Literario Galego como un produto da nosa historia e da nosa singularidade en tanto que pobo peculiar.	saber saber facer Saber estar / ser	A4 A5 A6

Contidos

Tema

As Irmandades da Fala	1.1. Organización e definición ideolóxica. 1.2. Dúas figuras fundamentais: Antón e Ramón Vilar Ponte. 2. O proxecto cultural das Irmandades ou a configuración dun sistema literario. 2.1. Liñas de actuación. 2.2. Creación e/ou consolidación de infraestruturas culturais. 3. Renovación, difusión e popularización da prosa. 3.1. As coleccións de novela curta. 3.2. A renovación temática e estética: tendencias e autores: Leandro Carré. X. Magariños. X. Lesta Meis. Outros autores. 3.2.1. Análise literaria dalgunha destas obras. 4. O teatro: a vontade de creación dun teatro nacional. 4.1. Problemas da dramaturxia galega no tempo das Irmandades. 4.2. A praxe teatral das Irmandades. 4.2.1. A creación de infraestruturas teatrais. 4.3. A renovación temática e estética: Tendencias e autores: Ramón Cabanillas. Armando Cotarelo. Leandro Carré. Xaime Quintanilla. Antón Vilar Ponte. Outros autores. Outros autores. 5. A poesía no tempo das Irmandades. 5.1. Ramón Cabanillas. 5.1.1. Biografía e obra literaria. 5.1.2. Estética e evolución literaria. 5.1.3. Análise literaria de Da Terra Asoballada. 5.2. Antonio Noriega Varela e os problemas de periodización da súa obra. 6. Outros poetas epígonos do Rexurdimento: Gonzalo López Abente. Victoriano Taibo García. Xerardo Álvarez Limeses. Antonio Rey Soto.
O grupo Nós: enxebrismo e universalismo	6.1. Caracterización do grupo. 7. Nós e a súa decisiva influencia no mundo cultural galego 7.1. O papel das elites intelectuais nos procesos de configuración do discurso nacionalista. 7.2. A configuración do discurso identitario na Galiza. 7.3. A capacidade de aglutinación de sectores e de grupos xeracionais arredor dun proxecto colectivo. 7.4. A conciencia da necesidade de proxección universal da cultura galega. 8. Actividades. 8.1. A revista Nós. 8.2. A consolidación da prosa: narrativa e ensaio. 8.3. O cultivo doutros xéneros: teatro e poesía. 8.4. A creación de estruturas e liñas de investigación para o coñecemento científico da Galiza: O Seminario de Estudos Galegos. 9. Integrantes: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso D. R. Castelao, Florentino Cuevillas, Antón Lousada Diéguez. Outros autores.
Percurso vital e ideolóxico de Vicente Risco	9.1. A personalidade intelectual de Vicente Risco. 10. Obra literaria. 10.1. Obra ensaística: teoría política, filosofía, crítica literaria e literatura de viaxes. 10.2. Obra narrativa. 10.2.1. Primeira produción: as pegadas do Modernismo. 10.2.2. A interpretación idílica da Terra. 10.2.3. Sátira e escepticismo. 10.2.4. A modernidade entre a decadencia e o nihilismo. 10.3. Obra dramática. 10.4. Obra lírica.
Percurso vital e ideolóxico de Otero Pedrayo	10.5. A personalidade intelectual de Otero Pedrayo. 11. Obra narrativa. 11.1. Propostas de clasificación da narrativa. 11.2. O proceso de ficcionalización da historia na narrativa oteriana. 11.3. Ideoloxemas nacionalitarios na narrativa oteriana. 12. Obra ensaística. 12.1. Interrelación entre xéneros na obra de Otero Pedrayo. 13. Obra dramática e obra poética. 14. Recepción da obra oteriana no seu tempo e na literatura posterior.

As experiencias vangardistas na Europa de comezos de século

- 14.1. Caracterización xeral das vangardas galegas.
- 14.2. Medios de difusión.
- 15. Principais liñas da vangarda poética.
- 15.1. Entre a tradición e a renovación poética.
- 15.2. O Neopopulismo imaxinista / hilozoísta: Luís Amado Carballo.
- 15.3. O Neotrobadorismo: Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro.
- 15.4. As experiencias vangardistas: Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro.
- 16. A narrativa da “Nova Xeración Galega”
- 16.1. Narradores nunha xeración de poetas
- 16.2. Rafael Dieste e Os arquivos do Trasnó.
- 17. O teatro.
- 17.1. Rafael Dieste e A fiestra valdeira.
- 17.2. Outros autores.

Da República ao exilio: guerra, represión e diáspora

- 17.3. Galiza nos primeiros anos do franquismo
- 17.4. Ambiente cultural nos centros da emigración.
- 17.5. Actividade política e cultural da diáspora galega
- 17.5.1. Castelao en América.
- 18. A poesía do exilio:
- 18.1. Luís Seoane
- 18.2. Outros autores: Lorenzo Varela
- 19. A narrativa: o testemuño da Guerra Civil.
- 19.1. Ramón de Valenzuela
- 19.2. Antón Alonso Ríos
- 19.3. Silvio Santiago
- 19.4. A narrativa curta
- 20. Actividade teatral e escrita dramática.
- 20.1. Teatro popular
- 20.2. Teatro culto

A resistencia cultural no interior. Galaxia e os outros proxectos editoriais

- 21. A poesía de posguerra: a lenta recuperación da actividade cultural.
- 21.1. Principais correntes:
- 21.1.1. A continuidade das orientacións de preguerra: neotrobadorismo e neopopulismo.
- 21.1.2. Outras liñas temáticas: clasicismo, intimismo, preocupación existencial e poesía de carácter cívico.
- 21.2. Novas editoras e publicacións.
- 22. Problemas de agrupación xeracional. Algunhas clasificacións:
- 22.1. A Xeración da República e/ou a Xeración do 36.
- 22.2. A denominada Promoción de Enlace.
- 22.3. A “Escola da Tebra”.
- 23. Autores e produción poética.
- 23.1. Un poeta singular: Luís Pimentel.
